



APARTADO D

GDR10|LIMIA ARNOIA

Contido

Índice de táboas	2
D. Análise do novo marco normativo e institucional e impacto previsible na futura estratexia.....	3
D.1 Estratexias da UE	3
D.1.1 Pacto Verde Europeo	3
D.1.2 Estratexia “da granxa á mesa”	5
D.1.3 Estratexia sobre biodiversidade 2030	7
D.1.4 Nova Estratexia da UE en favor dos Bosques 2030.....	7
D.1.5 Construír e renovar	8
D.2 Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 e a súa aplicación en Galicia.....	11
D.3 Iniciativas e plans sectoriais estatais	28
D.3.1. Plan de Medidas ante el Reto Demográfico. Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.....	28
D.3.2. Estratexia de Dixitalización do Sector Agroalimentario e Forestal e do Medio Rural	29
D.3.3. Outros plans e estratexias xestionadas polo MAPA.....	30
D.4 Estratexias sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia relacionadas co medio rural.....	31
D.4.1 Estratexia de dinamización do sector lácteo galego 2020-2025... 31	
D.4.2 Estratexia de dinamización do sector cárnico en Galicia 2021-2030	31
D.4.3 Lei de recuperación da terra agraria de Galicia	32
D.4.4 Plan Forestal de Galicia 2021-2040.....	34
D.4.5 Plan estratéxico do castiñeiro e da produción de castanha	34
D.4.6 Extratexia – RIS3. Especialización Intelixente de Galicia	35
Referencias bibliográficas.....	40

Índice de táboas

Táboa 1. Principais documentos ou estratexias da UE; incidencia no territorio e forma na que son incorporados na estratexia do GDR.....	9
Táboa 2. Sinerxías e complementariedade da estratexia do GDR coas intervencións de desenvolvemento rural supra-autonómicas no marco do PE PAC de España 2023-2027.....	12
Táboa 3. Medidas incluídas no Obxectivo 8.....	13
Táboa 4. Necesidades identificadas no PE PAC de Galicia máis relevantes para o territorio e ás que pretende dar resposta a estratexia do GDR	13
Taboa 5. 25 necesidades máis relevantes para o territorio ás que pretende dar resposta a estratexia do GDR.....	18
Táboa 6. DAFO Obxectivo 8. Plan Estratéxico de la PEPAC en Galicia.....	20
Táboa 7. Sinerxías e complementariedade da estratexia do GDR con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia no marco do PE PAC 2023-2027.....	22
Táboa 8. Aliñamento da estratexia do GDR coas estratexias, iniciativas e plans da Consellería do Medio Rural	32

D. Análise do novo marco normativo e institucional e impacto previsible na futura estratexia.

As políticas europeas agrarias dos últimos 30 anos reflicten os reaxustes nas estratexias destinadas aos espazos rurais. De dar maior protagonismo as medidas focalizadas na produción alimentaria, onde se consideraba ás actividades agrarias e gandeiras como prioritarias, incluso as únicas capaces de xerar rendas, pasouse a outra situación, onde se avoga pola multifuncionalidade dos territorios. A publicación en 1988 do Futuro do Mundo Rural representa o final dun ciclo da PAC e dá lugar a un longo proceso de reflexións e reformas que terá como resultado a posta en marcha de programas e iniciativas para o desenvolvemento rural con enfoque LEADER. Estas políticas fóronse paulatinamente desligando en favor do desenvolvemento rural (Comisión Europea, 1998).

Pero especialmente nos últimos dous anos a política europea experimentou diversos cambios normativos que merecen un seguimento e actualización. Por unha banda, o GDR pode brindar un papel de asesoramento, animación, formación e acompañamento para que empresas e institucións poidan adaptarse a estes novos modelos de desenvolvemento. Por outra, tamén é unha oportunidade e para que xurdan novas empresas especializadas que poidan dar resposta a eses cambios cara a unha economía máis verde. Os espazos rurais presentan grandes potencialidades que están a ser impulsadas con diferentes políticas a diversas escalas, e deben estar preparados para adaptarse a estes cambios.

A pandemia de Covid-19, ademais da gran cantidade de fondos europeos para a recuperación da economía tras a crise, propiciou un complexo cambio e reorganización das políticas europeas. Estas novas orientacións tamén se reflicten nas políticas estatais e rexionais, e moitas delas converxen coas necesidades do territorio no que traballa o GDR, polo que é necesario o seu estudo e revisión para poder atopar posibles sinerxías. Doutra banda, a maioría dos problemas derivados da guerra en Ucraína afectan directamente a Europa e xeran un escenario incerto no ámbito económico que se acrecenta cun modelo neoliberal esgotado que foi hexemónico durante décadas e que nos últimos anos presenta fracturas.

Por tanto o obxectivo deste epígrafe é analizar o marco normativo e a orientación das políticas e estratexias directamente relacionadas coas necesidades, obxectivos e medidas concretas identificadas no territorio e recollidas na presente estratexia. Para elo revísanse a continuación diferentes programas, plans e estratexias a escalas europea, estatal e rexional.

D.1 Estratexias da UE

D.1.1 Pacto Verde Europeo

O Pacto Verde Europeo é un plan integral que recolle os compromisos subscritos pola Unión Europea no Acordo de París sobre o cambio climático e a redución

de gases de efecto invernadero. A Unión Europea ten como obxectivo ser a primeira zona climaticamente neutra do mundo, reducir as emisións de gases de efecto invernadero en polo menos un 55 % de aquí a 2030, con respecto ás emisións dos anos 1990, e trazar un camiño de transición ecolóxica que contribúa a que as emisións netas se equilibren para o 2050 a través dunha economía máis moderna e competitiva. Estes obxectivos materialízase coa maior porcentaxe da historia de gasto público en acción polo clima e en favor do medio ambiente (Comisión Europea, 2019).

Esta ambición adopta un enfoque intersectorial que aglutina iniciativas que abarcan o clima, o medio ambiente, a enerxía, o transporte, a industria e a agricultura. O feito de que non se adopte un enfoque sectorial exclusivamente fai que estes obxectivos se integren amplamente coas necesidades dos territorios rurais. Estas metas tamén se plasman na revisión das normativas e estratexias que afectan especialmente os espazos rurais, especialmente no cambio de orientación da PAC que analizaremos máis adiante.

Para lograr estes obxectivos cóntase con polo menos un 30 % do orzamento do fondo *NextGenerationEU*, un fondo temporal creado para recompoñer a economía despois da pandemia da Covid-19. Ademais os Estados Membros deben dedicar polo menos o 30 % dos fondos canalizados a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (FEDER), polo que desde o GDR trataremos de integrar estas medidas naquelas que dean resposta ás necesidades do territorio.

Entre as medidas que inclúe o Pacto Verde Europeo destacan accións de investimento en tecnoloxías respectuosas co medio ambiente, apoio á innovación industrial, transporte público verde, descarbonización da enerxía ou edificios eficientes desde un punto de vista enerxético. O sector agrario, que ten unha incidencia directa na economía do territorio, tamén ten unha vinculación directa co Pacto Verde Europeo, xa que o sector primario é un punto fundamental desta estratexia, e as medidas céntrase en reducir o uso de pesticidas no sector agrícola, e en desenvolver técnicas innovadoras para os procesos produtivos en granxas, xunto con actuacións en materia de biodiversidade, co obxectivo de que os sistemas agroalimentarios sexan máis xustos, saudables e respectuosos co medio ambiente.

En concreto na produción agrícola, a UE preténdense reducir á metade o uso de plaguicidas, reducir os fertilizantes en polo menos un 20%, aumentar a superficie agrícola dedicada á agricultura ecolóxica ata o 25%, e reducir nun 50% os antimicrobianos utilizados en granxas. Os obxectivos destas actuacións son protexer o medio ambiente, pero tamén asegurar a produción de alimentos de calidade e sostible. Aumentar o cultivo e a gandería orgánicos contribúe a frear o cambio climático e a mellorar a saúde das persoas.

A nivel operativo, a EU puxo en marcha o Plan de Investimentos do Pacto Verde Europeo para financiar esta estratexia de adaptación ao cambio climático da EU. Algunhas das medidas como a substitución de fontes enerxéticas e de materiais provenientes de combustibles fósiles por fontes renovables, a implantación de tecnoloxías eficientes e o uso das ferramentas de compensación das emisións emitidas, as solucións baseadas na natureza, a construción de edificios bioclimáticos, a subministración de enerxía limpa e segura, e o autoconsumo

enerxético son elementos que se poden integrar amplamente tanto nas iniciativas produtivas como non produtivas impulsadas polo GDR.

O territorio cuberto polo GDR non é alleo a estes problemas, especialmente aos derivados da agricultura intensiva, e xa desde o período 2007-2013 acusábanse os problemas ambientais na contaminación do chan e a auga. Tamén as diferentes medidas de apoio ao uso de fontes de enerxía renovables e a implantación de infraestruturas eficientes son cuestións que se necesitan impulsar no territorio.

Os obxectivos máis relevantes para o GDR neste Pacto Verde Europeo son:

- Apoio a iniciativas que supoñan a redución de gases de efecto invernadoiro
- Produción e utilización de enerxía limpa
- Fomento da economía circular.
- Impulso dun sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente (Estratexia da granxa á mesa)
- Apoio a iniciativas para protexer a biodiversidade (Estratexia sobre biodiversidade)
- Contribución a un entorno sen substancias tóxicas

D.1.2 Estratexia “da granxa á mesa”

Como se mencionaba no epígrafe anterior, o impulso da produción ecolóxica é un eixo fundamental no Pacto Verde Europeo, a UE avoga por uns sistemas alimentarios máis sostibles como clave para un futuro mellor, está sustentabilidade pode ser entendida desde un dobre enfoque: por unha banda, unha maior sustentabilidade para o produtor, xa que os actuais modelos de distribución xeran importantes desigualdades económicas e sociais para os agricultores, pero doutra banda, tamén esta sustentabilidade pódese enfocar desde o punto de vista ambiental, xa que a agricultura intensiva consume gran cantidade de recursos naturais e é responsable parcialmente da perda de biodiversidade.

Para contrarrestar estas externalidades a UE creou a estratexia *Farm to fork* que representa o primeiro programa integral da UE na que se pon o foco en todas as etapas da produción e consumo de alimentos. Para garantir unha produción alimentaria sostible, a estratexia inclúe medidas relacionadas coa diminución do uso de plagicidas e fito sanitarios á vez que se fomenta o uso daqueles que conteñan substancias activas biolóxicas. Ademais ideouse un plan de acción concreto para estimular a oferta e demanda de produtos ecolóxicos Comisión Europea (2020a).

A estratexia “Da granxa á mesa” é tamén unha estratexia de saúde alimentaria que axuda cambiar as pautas de consumo para reducir as cifras de obesidade. Desta forma existen propostas de etiquetaxe nutricional obrigatoria, de maneira que os consumidores poidan elixir os alimentos tendo en conta consideracións sobre a saúde. Ademais existen propostas para esixir a indicación da orixe de

certos produtos, e iniciativas para mellorar os alimentos procesados. Estas medidas complementáanse cunha revisión da lexislación para mellorar a seguridade alimentaria e garantir a saúde dos consumidores, e a creación dun novo marco normativo sobre etiquetaxe de alimentos sostíbles que contribúan a reducir a pegada ambiental.

Esta estratexia tamén trata de fomentar a cooperación dos produtores do sector primario e fortalecer a súa posición nos procesos de comercialización, existen tamén iniciativas para mellorar o benestar animal que se materializan en accións concretas como a revisión de aditivos para pensos e o transporte e sacrificio de animais.

Aínda que gran parte destas iniciativas son innovadoras e necesarias, gran parte destas son directrices e medidas lexislativas. Neste sentido o GDR pode contribuír financiando ferramentas de formación e consultoría que axuden á industria agroalimentaria local a adaptarse á Estratexia Farm to Fork. Tamén se fan necesarias as medidas de apoio ás PEMES transformadoras de alimentos, ao comercio retalista e operadores de servizos alimentarios na súa adaptación ás directrices e normas desta estratexia, xa que estas tipoloxías de empresas que teñen un peso notorio no territorio que xestiona o GDR.

Os obxectivos máis relevantes para o GDR na Estratexia “da granxa á mesa” son:

II.A. Producción sostíble de alimentos

- Modelos de negocio verdes: secuestro de carbono por agricultores e silvicultores ('EU carbon farming' initiative)
- Bioeconomía circular (enerxía renovable, biodigestión, enerxía solar...)
- Redución do uso de pesticidas químicos
- Redución da perda de nutrientes e do uso de fertilizantes
- Redución do impacto ambiental e climático da produción animal (aditivos, impulso proteaxinosas, métodos de menores emisións...)
- Impulso da agricultura ecolóxica

II.B. Seguridade alimentaria (en particular en situacións de crise)

II.C. Cadea alimentaria sostíble

- Fortalecer os circuitos curtos e sistemas alimentarios locais
- Reforzo das DOP e IXP
- Envasado sostíble (redución de químicos, materiais renovables, reciclables....)
- Economía circular na cadea de procesado e distribución
- Integración da sustentabilidade como elemento de estratexia corporativa
- Inducir dietas máis saudables (reducindo graxas, azucre ou sal)
- Prácticas empresariais e de marketing responsables

II.D Promoción do consumo alimentario sostíble e dietas saudables

- Etiquetaxes harmonizadas de sostibilidade

- Licitación pública de alimentos sostibles

II.E. Redución do desperdicio de alimentos

D.1.3 Estratexia sobre biodiversidade 2030

A Estratexia sobre a Biodiversidade é outro dous elementos nos que se materializa ou Pacto Verde Europeo. A Estratexia para a Biodiversidade 2030 aspira a frear ao máximo a paulatina desaparición dos espazos naturais, recuperar bosques autóctonos, chans e humidais. Pretende tamén crear espazos verdes nas cidades que axuden a mitigar os efectos do cambio climático (Comisión Europea, 2020b).

En particular, o territorio cuberto polo GDR podería beneficiarse das medidas concretas que establece esta estratexia en materia de xestión de espazos naturais. A estratexia do GDR poderíase integrar nos seguintes aspectos: restablecer polo menos 25 000 km de ríos de fluxo libre, plantar 3 000 millóns de árbores para 2030, mellorar a gobernanza dos espazos naturais dos Estados membros. Establecer en toda a UE unha rede máis ampla de espazos protexidos en terra e no mar, restaurar os ecosistemas degradados e xestionalos de forma sostible, centrándose nos factores crave da perda de biodiversidade. Estender a agricultura ecolóxica e os elementos paisaxísticos ricos en biodiversidade nas terras agrícolas

A preocupación sobre a desaparición dos espazos naturais, tamén é compartida polos actores locais que participan no GDR e a conservación da biodiversidade foi un obxectivo prioritario nas estratexias do GDR desde o período 2007-2013 polo que é positivo que se lle dea un maior impulso a esta problemática a instancias europeas.

Os obxectivos máis relevantes para o GDR na Estratexia sobre biodiversidade 2030 son:

- Actuacións en áreas protexidas do territorio
- Contribución á recuperación de ecosistemas degradados
- Impulso de prácticas agrarias sustentables
- Apoio a iniciativas empresariais que contribúan á recuperación de biodiversidade
- Fomento do abastecemento sustentable de enerxías renovables

D.1.4 Nova Estratexia da UE en favor dos Bosques 2030

Esta nova estratexia para os bosques serve para introducir os acordos obtidos no Pacto Verde Europeo e renovar a Estratexia Forestal do 2013. Na estratexia identifícase a necesidade de potenciar todos os beneficios sociais, económicos e ambientais dos bosques, especialmente no seu papel decisivo no cambio climático e a biodiversidade. Gran parte do montes do territorio que xestiona o

GDR son montes en man común, e a sociedade civil, as administracións competentes, e as organizacións ambientais deben participar estreitamente no desenvolvemento e seguemento da Estratexia, xa que desde a UE considérase necesario o desenvolvemento das capacidades dos *stakeholders* para poder aplicar esta Estratexia.

Os propietarios e xestores forestais necesitan incentivos financeiros para poder prestar atención a protección e restauración dos bosques, e aumentar a resiliencia dos seus bosques mediante a adopción da maioría das prácticas de xestión forestal respectuosas co clima e a biodiversidade, máis aló das prácticas meramente produtivistas, medidas que tamén se van a potenciar a través da nova PAC.

A Estratexia avoga polo uso óptimo da madeira, especialmente no seu uso enerxético, prestando especial atención aos produtos de madeira de longa duración. Tamén pretende impulsar a diversificación da economía forestal, cara a actividades terciarias como o ecoturismo. Tamén se prevé o desenvolvemento de sistemas de pago a propietarios e xestores forestais pola prestación de servizos ecosistémicos, por exemplo, por manter intactas algunhas partes dos seus bosques, o que pode nun futuro limitar a produción madeireira. Tamén se propoñen outros mecanismos, que van desde a investigación e a formación, ata os servizos de orientación e asesoramento (Comisión Europea, 2021).

Os obxectivos máis relevantes para o GDR na Estratexia da UE en favor dos Bosques 2030 son:

- Garantir o uso sustentable dos recursos baseados na madeira para a bioenerxía
- Promover a bioeconomía forestal non madeireira, particularmente o ecoturismo
- Capacitar ás persoas para unha economía forestal sustentable

D.1.5 Construír e renovar

Dentro do Pacto Verde Europeo, tamén se insire a Iniciativa Europea “Construír e renovar”. Esta iniciativa pretende, por unha banda, reducir as emisións dos edificios, e aumentar a eficiencia enerxética para o seu funcionamento; e por outra banda, lograr un cambio nos modelos de construción cara a edificios enerxéticamente positivos (que produzan electricidade, cubran as súas necesidades de calefacción e refrixeración, e contribúan á estabilidade da rede enerxética) con tecnoloxías de enerxía renovable e sostible. Isto inclúe deseños construtivos eficaces que se adapten ás contornas locais e que faciliten condicións de arquitectura bioclimática (Comisión Europea, 2020c).

Faise necesaria unha maior eficiencia enerxética nos edificios a través dun maior nivel de dixitalización sobre o control do uso da enerxía, e unha maior protección dos edificios contra o cambio climático. Estas medidas non só se aplícan en vivendas privadas, a UE tamén avoga por aplicalas nas vivendas sociais, escolas e hospitais, polo que as medidas tamén se poderían inserir en proxectos non produtivos impulsados polo GDR.

Dado o alto número de empresas construtoras que conta o territorio, sería interesante promover a cualificación do sector cara a modelos e metodoloxías de construción máis eficientes, xa que estas iniciativas supoñen un elemento dinamizador do investimento privado, que debe dar resposta xerando unha oferta de calidade.

Na seguinte táboa sintetízanse como se intégranse os diferentes acordos e iniciativas europeas coa estratexia do GDR.

Táboa 1. Principais documentos ou estratexias da UE; incidencia no territorio e forma na que son incorporados na estratexia do GDR

Obxectivos ou elementos seleccionados do documento	Incidencia no territorio e na estratexia do GDR (relación co DAFO)	Forma na que é incorporado na estratexia do GDR
I. Pacto Verde Europeo	MOI RELEVANTE	
Apoio a iniciativas que supoñan a redución de gases de efecto invernadoiro	MOI RELEVANTE	Incorpórase nos obxectivos xa que a estratexia procura a transición a un sector primario sustentable. Deséñanse medidas concretas, como a plataforma ATERRA, de mobilización e xestión de terras. Tamén se incorpora na estratexia o diagnóstico elaborado no marco do Plan Estratéxico do Sector Agrario de A Limia.
Produción e utilización de enerxía limpa	MOI RELEVANTE	
Fomento da economía circular.	MOI RELEVANTE	
Impulso dun sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente (Estratexia da granxa á mesa)	MOI RELEVANTE	
Apoio a iniciativas para protexer a biodiversidade (Estratexia sobre biodiversidade)	MOI RELEVANTE	
Contribución a un entorno sen substancias tóxicas	MOI RELEVANTE	
II. Estratexia “da granxa á mesa”	MOI RELEVANTE	
<i>II.A. Producción sostible de alimentos</i>	MOI RELEVANTE	A produción sustentable de alimentos é un dos obxectivos prioritarios da estratexia, e gran parte das medidas e dos proxectos apoiados deben ir neste camiño: reducindo o uso de fertilizantes e pesticidas químicos, e utilizando innovacións en procesos que contribúan a un mellor e máis eficiente emprego da auga e da enerxía.
Modelos de negocio verdes: secuestro de carbono por agricultores e silvicultores ('EU carbon farming' initiative)	MOI RELEVANTE	
Bioeconomía circular (enerxía renovable, biodigestión, enerxía solar...)	MOI RELEVANTE	
Redución do uso de pesticidas químicos	MOI RELEVANTE	
Redución da perda de nutrientes e do uso de fertilizantes	MOI RELEVANTE	
Redución do impacto ambiental e climático da produción animal (aditivos, impulso proteaxinosas, métodos de menores emisións...)	MOI RELEVANTE	Ainda que estes obxectivos non son prioritarios na estratexia, si se verán indirectamente beneficiados nun sistema productivo sustentable
Redución do uso de antimicrobianos	POUCO RELEVANTE	
Mellora do benestar animal	POUCO RELEVANTE	
Sanidade vexetal (incluído impulso de variedades tradicionais e locais)	POUCO RELEVANTE	Incorpórase nos obxectivos da estratexia, acompañados de medidas concretas. Os baremos que condicionan as axudas do GDR benefician directamente estes obxectivos
Impulso da agricultura ecolóxica	MOI RELEVANTE	
<i>II.B. Seguridade alimentaria (en particular en situacións de crise)</i>	MOI RELEVANTE	
<i>II.C. Cadea alimentaria sostible</i>	MOI RELEVANTE	
Fortalecer os circuitos curtos e sistemas alimentarios locais	MOI RELEVANTE	

Reforzo das DOP e IXP	MOI RELEVANTE	Incorporados á estratexia como obxectivos e con medidas específicas, en continuación das inversións realizadas en períodos anteriores (Ex. proxecto comedores escolares)
Envasado sostible (redución de químicos, materiais renovables, reciclables....)	MOI RELEVANTE	
Economía circular na cadea de procesado e distribución	MOI RELEVANTE	
Integración da sustentabilidade como elemento de estratexia corporativa	MOI RELEVANTE	
Inducir dietas máis saudables (reducindo graxas, azucre ou sal)	MOI RELEVANTE	
Prácticas empresariais e de marketing responsables	MOI RELEVANTE	
<i>II.D Promoción do consumo alimentario sostible e dietas saudables</i>	MOI RELEVANTE	
Etiquetaxes harmonizadas de sostibilidade	MOI RELEVANTE	
Licitación pública de alimentos sostibles	MOI RELEVANTE	
<i>II.E. Redución do desperdicio de alimentos</i>	MOI RELEVANTE	Incorporado aos obxectivos da estratexia, especialmente nas áreas protexidas do GDR, para iso se introduce na zonificación
III. Estratexia da UE sobre a Biodiversidade 2030	MOI RELEVANTE	
Actuacións en áreas protexidas do territorio	MOI RELEVANTE	
Contribución á recuperación de ecosistemas degradados	MOI RELEVANTE	
-Impulso de prácticas agrarias sustentables	MOI RELEVANTE	
Apoio a iniciativas empresariais que contribúan á recuperación de biodiversidade	MOI RELEVANTE	
Fomento do abastecemento sustentable de enerxías renovables	MOI RELEVANTE	
Apoio á ecoloxización de áreas urbanas e periurbanas	POUCO RELEVANTE	
IV. Nova Estratexia da UE en favor dos Bosques 2030	MOI RELEVANTE	Unha xestión forestal sustentable é un dos obxectivos da estratexia, que se persigue coa aplicación de medidas nesta dirección
Promover a bioeconomía forestal sustentable para os produtos de madeira de longa duración	POUCO RELEVANTE	
Garantir o uso sustentable dos recursos baseados na madeira para a bioenerxía	MOI RELEVANTE	
Promover a bioeconomía forestal non madeireira, particularmente o ecoturismo	MOI RELEVANTE	
Capacitar ás persoas para unha economía forestal sustentable	MOI RELEVANTE	

D.2 Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 e a súa aplicación en Galicia

A nova PAC pretende facer fronte aos retos climáticos, económicos e demográficos, a subida do prezo dos insumos na cadea de produción alimentaria, e ao desaxuste nos mercados enerxéticos. Búscase por tanto, unha

PAC máis xusta, máis sostible e máis social. Desta forma estes obxectivos intégranse co Pacto Verde Europeo, o horizonte climático 2030 e 2050, a subministración de enerxía, a procura de modelos de produción máis eficientes, sostibles e intelixentes, un medio ambiente libre de contaminación, unha maior xustiza para os produtores nas cadeas de distribución á vez que se garante a seguridade alimentaria. Estes desafíos constitúen elementos que se deben integrar nas estratexias de desenvolvemento deseñadas nos espazos rurais.

A nova orientación da PAC trae elementos novos como os eco-esquemas ou a figura do agricultor activo na que se presenta como a PAC máis verde xamais exposta. Para os perceptores de axudas á agricultura fóméntase prácticas máis respectuosas co medio ambiente, a través dos eco-esquemas, un novo réxime de pagos para promover a protección do medio ambiente que será condición para activar os pagos directos e os dereitos de pago único, que tamén se reformularan cara a modelos máis redistributivos. Incorpórase a condicionalidade de pago verde, que establece diferentes medidas concretas como a rotación de cultivos, a cuberta vexetal en cultivos leñosos, diversificación de cultivos, mantemento de pastos, entre outros, que será necesario asegurar para cobrar unha parte dos pagos directos (Matthews, 2021).

Outra das grandes novidades reside en que as mulleres que se instalen á fronte dunha explotación agraria percibirán un 15 % adicional no complemento da axuda á renda que reciben os mozos. A condicionalidade para cobrar os pagos directos endurecéndose e tórnase máis selectiva, fóméntase a figura do agricultor activo, pero tamén se reforza o papel dos pequenos produtores. Incrementábase o orzamento para agricultura ecolóxica en 40% En síntese, para poder seguir percibindo os dereitos de pago unico débense dar certas circunstancias: primeiro, estar dado de alta na Seguridade Social; e segundo, ter un 25% dos ingresos totais procedentes da actividade agraria (antes era un 20%), aínda que estas medidas pódense salvar se o perceptor recibiu o ano anterior axudas PAC por valor inferior a 5.000 €.

O principio de subsidiariedade adquire unha nova dimensión nas políticas agrarias europeas, desta forma, co obxectivo de dotar de maior coherencia ás intervencións no medio rural, os Estados membros deben elaborar un Plan Estratéxico da PAC (PEPAC) no que deben incluír as medidas que van dar resposta aos novos obxectivos da PAC. As CC.AA. non terán que elaborar un programa de desenvolvemento rural como en períodos anteriores e poderán empezar a xestionalo sen ningún atraso, evitando dificultades que si se produciron no pasado. Todas as medidas de desenvolvemento rural das dezasete comunidades autónomas inseriranse no PEPAC, aínda que a maior parte das medidas de desenvolvemento rural seguen tendo un carácter rexional.

En agosto de 2022 a Comisión Europea aprobou o Plan Estratéxico da PAC de España onde se fixaron 9 obxectivos máis un transversal: 1) apoiar unha renda viable e a resiliencia das explotacións agrícolas, 2) mellorar a orientación ao mercado dos produtos agrarios e aumentar a competitividade, en particular facendo maior fincapé na investigación, a tecnoloxía e a dixitalización, 3) mellorar a posición dos agricultores na cadea de valor, 4) contribuír á atenuación do cambio climático e á adaptación aos seus efectos, así como á enerxía sostible,

5) promover o desenvolvemento sostible e a xestión eficiente de recursos naturais tales como a auga, o chan e o aire, 6) contribuir á protección da biodiversidade, potenciar os servizos ecosistémicos e conservar os hábitats e paisaxes, 7) atraer aos novos agricultores e facilitar o desenvolvemento empresarial nas zonas rurais, 8) promover o emprego, o crecemento, a inclusión social e o desenvolvemento local nas zonas rurais, incluíndo a bioeconomía e a silvicultura sostible, 9) mellorar a resposta da agricultura da UE ás esixencias sociais en materia de alimentación, saúde e a sustentabilidade, e 10) modernizar o sector a través do fomento e a posta en común do coñecemento, a innovación e a dixitalización nas zonas agrícolas e rurais e promover a súa adopción (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, 2022).

Máis aló das axudas directas aos agricultores, o PEPAC establece diferentes medidas ao desenvolvemento rural. As medidas ao desenvolvemento rural seguen sendo un obxectivo prioritario na PAC, para as que se vai destinar un gasto público total de 1.762 millóns ao ano, dos que 1.080 millóns corresponden ao orzamento comunitario. Van destinar 740 millóns a infraestruturas, das que o 44 % teñen fins ambientais, 340 millóns ao ano a medidas agroambientais, dos cales 170 ao ano millóns irán destinadas á agricultura ecolóxica, 140 millóns ao ano para explotacións en zonas con limitacións ou zonas de montaña, 135 millóns ao ano para o establecemento de novos agricultores e máis de 70 millóns ao ano para innovación, asesoramento e información.

Para as medidas desenvolvidas baixo o enfoque LEADER/DLP van destinar 160 millóns de euros ao ano, 816 millóns para todo o período, un 10 % do FEADER. Dentro os estes obxectivos xenéricos da PAC, os GDR poderán contribuír a todos os obxectivos da PAC, e de maneira directa coas súas estratexias de DLP a desenvolver ou obxectivo 8: *“Promover ou emprego, ou crecemento, a igualdade de xénero, incluída a participación das mulleres na agricultura, a inclusión social e ou desenvolvemento local nas zonas rurais, entre elas a bioeconomía circular e a silvicultura sustentable”* (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, 2022:267).

A nova PAC tamén trae novidades para a aplicación do enfoque DLP/LEADER en canto a súa aplicación, organización e xestión. Polo menos o 5 % do financiamento dos PDR debe destinarse a medidas baseadas no enfoque DLP/LEADER.

O enfoque LEADER pasa a ser unha medida de cooperación tal e como se recolle no Art. 77 do Regulamento PEPAC. Unha positiva novidade con respecto aos períodos anteriores é que non será necesario, tanto para proxectos produtivos como non produtivos, presentar un certificado de final de execución do proxecto e vanse a conceder anticipos e pagar por adiantado para sufragar os custos subvencionables. Segundo recolle o art. 34.1 do Regulamento Europeo 2021/1060 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta, e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, do mesmo xeito que en período anterior, a intensidade de axuda mínima será a que se indique nas EDLP de cada GDR.

Así mesmo cambian as condicións de elixibilidade dos proxectos, estes débense basear nos principios do enfoque LEADER, a saber: 1) enfoque ascendente, 2) desenvolvemento de proxectos a nivel supramunicipal, 3) principio de asociación e calidade de asociación, 4) estratexias integradas e multisectoriais, 5) traballo en rede, 6) innovación no contexto local e 7) cooperación.

Táboa 2. Sinerxías e complementariedade da estratexia do GDR coas intervencións de desenvolvemento rural supra-autonómicas no marco do PE PAC de España 2023-2027

Medidas de desenvolvemento rural supra-autonómicas	Nº páxina	Marcar aquelas relevantes para o GDR	Elemento do DAFO que se relaciona coa medida	Rol do GDR na medida	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR	Outras accións do GDR sinérxicas coa medida
6843.1 - Ayudas a inversiones en infraestructuras de regadíos con objetivos ambientales	1850	x	Ameaza: Déficit hídrico asociado ao cambio climático	Divulgador	Proxectos productivos en explotacións agrarias destinados a contribuir a la mitigación-adaptación ao cambio climático mediante o uso eficiente da auga	
7161 - Cooperación de grupos operativos de la Asociación Europea para la Innovación en materia de productividad y sostenibilidad agrícolas (EIP-Agri)	2373	x	Oportunidade: Mellora da calidade dos produtos agrícolas e gandeiros	Beneficiario potencial	Proxectos de cooperación que contribúan á atraer innovación para garantir a sustentabilidade do sector primario	
7201 - Transferencia de conocimientos y actividades de formación e información	2475	x	Debilidade: baixo nivel formativo da poboación relacionado co seu avellentamento	Promotores, beneficiarios	Actividades de formación realizadas polo GDR destinadas a mellorar a competitividade, rendibilidade e sustentabilidade das explotacións	

En Galicia vaise destinar un 8,11 % do orzamento asignado ás estratexias desenvolvidas polos GDR, o que supón un investimento de 47 millóns de euros.

Do mesmo xeito que noutras CC.AA., os proxectos executados polos GDR débense inserir nas liñas que se representan na seguinte táboa:

Taboa 3. Medidas incluídas no Obxectivo 8

Cod.	Medida	Cod.	Medida
8.01	Permanencia e asentamento de nova poboación, xoves e mulleres	8.08	Formación, divulgación e transferencia de coñecemento en bioeconomía.
8.02	Sistemas agroalimentario e forestal sustentables e diversificados	8.09	Xestión forestal sustentable
8.03	Emprendemento e talento innovador	8.10	Silvicultura preventiva, restauración danos, infraestruturas forestais, vías pecuarias e pastoreo
8.04	Infraestruturas e servizos en áreas rurais	8.11	Explotacións de mulleres
8.05	Desenvolvemento endógeno	8.12	Incorporación e permanencia de mulleres
8.06	Mellora de colectivos en risco de exclusión social	8.13	Órganos de decisión e mulleres
8.07	Bioeconomía		

Fonte: Informe sobre el plan estratégico de la PAC 2021. MAPA

Na seguinte táboa resúmese como as necesidades en Galicia resultan relevantes para o GDR e si estas son abordadas na estratexia

Taboa 4. Necesidades identificadas no PE PAC de Galicia máis relevantes para o territorio e ás que pretende dar resposta a estratexia do GDR

Necesidades identificadas no PE PAC de Galicia		Relevante no territorio do GDR	Abordada na estratexia do GDR
Obxectivos específicos (OE) e obxectivo transversal (OT) da PAC 2023-2027	(sombreadas en gris as necesidades específicas de Galicia non incorporadas no documento oficial do PE PAC de España)		
OE1	Necesidade de apoio á renda da agricultura española para achegar a súa rendibilidade á doutros sectores económicos e así mellorar a súa viabilidade	x	
OE1	Necesidade de ter en conta as diferenzas existentes entre as dimensións económicas das distintas explotacións no deseño das axudas á renda		
OE1	Necesidade de ter en conta, no deseño das axudas á renda, as diferenzas existentes entre as distintas orientacións (ratio de emprego/ha) dos diferentes territorios		
OE1	Necesidade de ter en conta o papel das axudas na redución do risco ao que se enfrontan as explotacións		
OE1	Necesidade de diminuír a exposición ao risco das explotacións, en especial ante os efectos adversos derivados do aumento dos eventos meteorolóxicos extremos a causa do cambio climático, adaptando o sistema español de seguros agrarios combinados a dito fenómeno		
OE1	Avanzar cara a un maior equilibrio social e territorial na distribución das axudas directas, priorizando as explotacións agrarias profesionais de mediana e pequena dimensión	x	
OE1	Incrementar o volume da superficie agraria que se beneficia en Galicia das axudas directas da PAC, co fin de atenuar os desequilibrios rexionais que se rexistran actualmente en España neste aspecto	x	x
Estas medidas están recollidas en 10 eixos específicos orientados a alcanzar o obxectivo global de garantir a cohesión territorial e social. Moitas destas iniciativas presentan un alto grao de integración coas políticas que fomenta o GDR para este período, estes son: Eixo 1) Impulso da transición ecolóxica, onde se recollen medidas de transición enerxética, o fomento da bioeconomía e a conservación da biodiversidade para contribuír á xeración de oportunidades, e a unha maior calidade de vida da poboación; o Eixo 2) que versa sobre transición dixital e plena conectividade territorial, que pretende o desenvolvemento de banda ancha e o despregamento do 5G en todo o territorio; o Eixo 3) Desenvolvemento e innovación no territorio, que contempla a creación de territorios intelixentes e unha rede de centros de innovación territorial para xerar procesos de transformación social que impulsen a investigación e o emprendemento sobre o territorio; o Eixo 4) Impulso de turismo sostible con vistas a axudar á loita contra o despoboamento, pero tamén á protección do seu patrimonio; o Eixo 5) Igualdade de dereitos e oportunidades: onde se presta especial atención ao papel das mulleres sobre o territorio para impulsar iniciativas emprendedoras no ámbito rural e incrementar a súa capacitación profesional; o Eixo 6) Fomento do emprendemento que axude a posicionar aos municipios rurais como espazos de oportunidade e emprendemento capaces de xerar riqueza a través do uso dos recursos endóxenos e o talento local; Eixo 7) Reforzo dos servizos públicos e impulso da descentralización para garantir a adecuada prestación de servizos en calquera territorio; Eixo 8) Benestar social e economía dos coidados, a través da posta en marcha de políticas sociais en áreas demograficamente desfavorecidas, con especial atención ás necesidades derivadas do envellecemento da poboación; Eixo 9) orientada ao fomento da actividade cultural en zonas rurais e a protección do seu patrimonio histórico-artístico.

Desde o punto de vista cualitativo, este plan avoga pola acción local e a participación social activa a través do fomento dun modelo de gobernanza multinivel. O documento destaca a necesaria implicación dos actores locais, que serán atendidos polas administracións a través de grupos de traballo e foros que permitan replicar modelos de intelixencia territorial a distintas escalas e en calquera territorio polo que o plan mostra certas potencialidades de colaboración e inclusión do GDR nestas metodoloxías de implantación. Desde que se aprobou o plan, máis do 60% das propostas procedían de pequenos concellos polo que é este plan está demostrando ser unha boa oportunidade de sinerxías coas iniciativas impulsadas polos concellos.

D.3.2. Estratexia de Dixitalización do Sector Agroalimentario e Forestal e do Medio Rural

Dentro do plan de medidas para o reto demográfico desenvolveuse a Estratexia de Dixitalización do Sector Agroalimentario e Forestal e do Medio Rural. Máis aá

das instalacións de banda ancha e 5G, antes mencionadas, con esta estratexia búscase a redución das barreiras técnicas, lexislativas, económicas e formativas existentes na actualidade no medio rural, contribuíndo así ao liderado dun sector agroalimentario sostible económica, social e medioambientalmente, e ao poboamento activo do medio rural facéndoo un lugar máis atractivo, dinámico e diversificado, xerador de riqueza e de emprego de calidade, con especial atención a mozas e mulleres. Para iso, establecéronse tres obxectivos estratéxicos: 1) reducir a fenda dixital, tanto física como de infraestruturas, 2) fomentar o uso e a creación de datos tanto por parte da Administración como no ámbito da investigación e do sector privado, e 3) impulsar o desenvolvemento empresarial e os novos modelos de negocio a través do fortalecemento da innovación dixital, o asesoramento para a adopción dos Sistemas de Coñecemento e Innovación agroalimentarios, forestais e do medio rural e no fomento de novos modelos de negocio (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, 2019).

D.3.3. Outros plans e estratexias xestionadas polo MAPA

Existen igualmente outros plans e estratexias impulsadas por o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación que poderían ter un alto grao de integración con algunhas das necesidades identificadas no territorio que cobre o GDR. Entre elas cabe destacar a Estratexia Nacional de Modernización e Diversificación Rural onde se aprobaron un paquete de medidas en favor dos mozos e as mulleres, que inclúen entre outras, axudas a entidades de mulleres rurais de ámbito nacional, impulso da gobernanza no medio rural a través das actividades de apoio a Grupos de Acción Local desde a Rede Rural Nacional, facilitar o acceso ao crédito a mozos e mulleres rurais a través dun Instrumento Financeiro e a través de Convenios con entidades bancarias, incremento da subvención adicional para mozas na contratación do seguro agrario, ou beneficios fiscais na adquisición de explotacións.

Existen tamén liñas específicas para a internacionalización do sector agroalimentario, especialmente en materia de formación e promoción de produtos agroalimentarios.

Tamén cabe mencionar o Plan Nacional do Control Oficial da Cadea Alimentaria, aínda que principalmente contén iniciativas lexislativas ou regulamentarias vinculantes a esta estratexia como o Programa Nacional Oficial da Producción Ecolóxica, o Plan Nacional Oficial da Cadea Alimentaria, ou Plan Nacional da Calidade Diferenciada vinculada á Orixe Xeográfica, que aínda que non supoñen unha fonte de financiamento, supoñen temáticas cara ás que deben ir dirixidas as accións de formación ao sector.

D.4 Estratexias sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia relacionadas co medio rural

D.4.1 Estratexia de dinamización do sector lácteo galego 2020-2025

Segundo despréndese da Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo Galego 2020-2025, Galicia é unha potencia produtiva do sector lácteo e está dentro das 10 primeiras da UE, conta ademais cunhas características edafoclimáticas óptimas para a produción de forraxes, cunha calidade hixiénico-sanitaria do leite dentro do estándar europeo. Por contra o sector lácteo galego presenta algunhas disfuncionalidades, principalmente de organización, xa que a falta de asociacionismo debilita os procesos de negociación coa industria agroalimentaria. O descoñecemento dos custos de produción, a dependencia de insumos externos, a escasa cultura innovadora e a falta de visión empresarial dificulta os procesos de investimento en modernización da maquinaria, que se agrava coa falta de formación en aspectos de xestión económica e recursos humanos.

Con este plan a Xunta de Galicia pretende consolidar a Galicia como unha das principais rexións lácteas de Europa, dotar dun alto nivel de competitividade, sostibilidade e capacidade de resiliencia, aumentar a industrialización do leite en Galicia apostando pola diversificación de produto, mellorar ou posicionamento dos produtos lácteos galegos no mercado nacional e impulsar a internacionalización, ademais de reforzar as relacións entre os axentes da cadea de valor e reforzar a formación en I+D+i conectándoo coas necesidades do sector.

Estes obxectivos desenvólvense con medidas máis operativas por exemplo: a mellora da profesionalización do sector produtor, o mantemento de granxas sen substitución xeracional, reorientar a produción cara a modelos máis sostibles, ou o impulso á transformación do leite e a comercialización a través do fomento de D.O.P/I.X.P baixo unha estratexia de diferenciación. Estas medidas internas do sector complementáanse con outras que teñen por obxectivo sensibilizar e concienciar á demanda, e mellorar os procesos de exportación (Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia e Fundación Juana de Vega, 2019).

No territorio do GDR non teñen gran presenza as explotacións lácteas en intensivo, mais de xeito tanxencial, esta iniciativa pode contribuír a mellorar a competitividade das empresas do territorio.

D.4.2 Estratexia de dinamización do sector cárnico en Galicia 2021-2030

Ademais da orientación láctea das explotacións gandeiras, o aproveitamento cárnico tamén é un eixo central das políticas agroambientais da Xunta de Galicia. Quérese potenciar a boa imaxe no exterior dos produtos cárnicos galegos, dada a presenza de razas autóctonas destinadas ao uso cárnico. Moitas das conclusións na Estratexia de dinamización do sector lácteo galego 2020-2025 son compartidas tamén no diagnóstico elaborado para a Estratexia de

dinamización do sector cárnico en Galicia 2021-2030, a saber: problema de substitución xeracional e baixa rendibilidade nas explotacións cárnicas, atomización excesiva do sector e cunha acusada dispersión xeográfica que dificulta a loxística e as colaboracións entre produtos. O sector conta con empresas de reducido tamaño de carácter familiar que presentan problemas de liquidez e teñen problemas para aplicar sistemas de innovación.

Por iso con esta Estratexia preténdese avanzar cara a unha produción sostible, respectuosa co medio ambiente, comprometida co benestar animal e que xere riqueza e oportunidades no medio rural. Esta visión complementase con obxectivos máis específicos: a promoción de sistemas de explotación vinculados á protección do medio ambiente (producións extensivas e semiextensivas), a mellora do nivel de transformación da industria cárnica e a xeración de valor agregado en todos os elos da cadea, aumentar a presenza de marcas de calidade, mellorar a imaxe e o recoñecemento social dos produtores, e contribuír ao cambio xeracional nas explotacións cárnicas e avanzar na promoción e no recoñecemento da carne galega.

A aplicación do enfoque DLP por parte do GDR pode supoñer un ferramenta idónea que pode axudar a contrarrestar estas debilidades dado que a Asociación Limia-Arnoia representa un punto de encontro para explotacións gandeiras e supón un marco idóneo para impulsar medidas relacionadas con esta problemática a nivel supramunicipal e con base territorial.

Son especialmente relevantes no territorio do GDR, as seguintes medidas:

- Avanzar cara a unha produción sustentable, respectuosa co medio ambiente, que aposte polo benestar animal e que xere riqueza e oportunidades nos espazos rurais.
- Impulso dos sistemas de explotación ligados á protección do medio ambiente (producións extensivas e semiextensivas).
- Mellorar a imaxe e o recoñecemento social dos produtores e contribuír á remuda xeracional nas explotacións cárnicas.
- Mellorar o ecosistema de investigación, innovación e formación.

D.4.3 Lei de recuperación da terra agraria de Galicia

Unha parte importante do chan rústico de Galicia está composta por pequenas parcelas dispersas pertencentes a propietarios, na súa maioría, desligados do rural. Os graves problemas derivados da estrutura territorial agraria foron reducindo paulatinamente a poboación activa empregada na agricultura. Paralelamente, non se produciu un crecemento proporcional do tamaño das explotacións dada o forte arraigamento cultural na división a partes iguais nos procesos de herdanza e substitución xeracional, o que se traduciu nun forte incremento do abandono das terras agrarias.

A recuperación de terras abandonadas é un elemento fundamental para o dinamismo económico e para frear o reto demográfico, tamén para a mitigación e adaptación ao cambio climático, en especial mediante a prevención dos incendios forestais (Xunta de Galicia, 2021). Ademais destas cuestións, a protección da capacidade produtiva da terra ou o impulso dunha planificación da paisaxe agraria son algúns dos aspectos que pretende potenciar a Xunta de Galicia. Con esta lei preténdese reverter o abandono das terras agrarias e poder acceder a novas terras, non só para o aproveitamento agrario, senón tamén con fins gandeiros e forestais. A lei non só ten unha finalidade produtiva, as masas forestais teñen un papel fundamental na captación e fixación de CO₂, polo que esta lei insírese amplamente con aquelas, a instancias europeas, derivadas do Pacto Verde Europeo e analizadas en epígrafes precedentes.

A Lei 11/2021 de recuperación da terra agraria de Galicia presenta unha nova forma de promocionar arrendamentos e posta en común entre a oferta e a demanda a través do Banco de Terras. Trata de facilitar a posta en contacto entre as persoas emprendedoras de proxectos agroforestais e as persoas titulares de terras, especialmente para mozas e mulleres. A esta iniciativa súmanse outras como as Agrupacións de xestión conxunta agrarias e forestais e os polígonos agroforestais, que teñen por obxectivo a promoción de asociacións para facilitar o aproveitamento conxunto das parcelas sen facer unha reestruturación da propiedade; ou as Aldeas modelo, que pretenden dinamizar a actividade agraria ao redor dos núcleos de poboación. Moitas destas iniciativas poderíanse inserir amplamente na estratexia do GDR.

Son especialmente relevantes no territorio do GDR, as seguintes medidas:

- Promover a recuperación produtiva das terras agroforestais de Galicia, desenvolvendo para iso mecanismos de posta en valor baseados nos arrendamentos, nas cesións, nas permutas ou nas transmisións da titularidade das terras por calquera medio válido en dereito, así como na xestión conxunta das terras.
- Previr e loitar contra o abandono das terras agroforestais, establecendo medidas de recuperación, agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas que faciliten a súa mobilización e prestando atención especial ao fomento de iniciativas de xestión e aproveitamento conxunto das terras recuperadas.
- Facilitar a posta en contacto entre as persoas emprendedoras de proxectos agroforestais e as persoas titulares de terras.
- Favorecer o mantemento da poboación vinculada á actividade agroforestal, promovendo e recoñecendo o papel da muller en condicións de igualdade e a remuda xeracional.
- Afianzar a actividade agroforestal fomentando o seu desenvolvemento, así como o doutras actividades complementarias que sexan compatibles co respecto

dos valores naturais, a conservación do patrimonio cultural de interese agrario e a integridade da contorna.

- Incentivar as producións agroforestais sustentables e, en especial, a produción ecolóxica, os sistemas gandeiros de carácter extensivo e a xestión forestal sustentable.

- Impulsar instrumentos innovadores en materia de acceso á terra que favorezan a incorporación de persoas mozas á actividade agraria.

D.4.4 Plan Forestal de Galicia 2021-2040

A política forestal galega pretende garantir a sustentabilidade do monte galego, harmonizando o seu valor ambiental e socioeconómico, a idea é manter a súa dinámica produtiva pero mellorando a súa calidade, eficiencia e rendibilidade. Preténdese así mesmo un desenvolvemento territorial sostible, de modo que a política forestal galega contribúa tanto ao desenvolvemento rural como á fixación da súa poboación e a mellora de calidade de vida. Para desenvolver este plan fixéronse 6 eixos de actuación, 20 instrumentos e programas de actuación, e 51 medidas específicas cun alto potencial de integración coas medidas impulsadas polo GDR.

Algunhas delas presentan especial idoneidade con algunhas necesidades identificadas no diagnóstico do GDR, por exemplo: programa de restauración de áreas queimadas, programa de dinamización da xestión en montes veciñais en man común, programa de aproveitamento de pastos e forraxes en monte e de establecemento de sistemas silvopastorales, medidas de gobernanza do monte galego, desenvolvemento de plans de ordenación de recursos forestais ou a profesionalización de propietarios, xestores de montes e/o traballadores das empresas de servizos forestais.

O plan conta cun investimento previsto de 9.400 millóns de euros, incluíndo os obxectivos específicos fixados para o próximos vinte anos sobre o monte galego.

Son especialmente relevantes no territorio do GDR, as seguintes medidas:

- " - Contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos

ambientais."

- Protección, sanidade forestal e prevención e defensa contra incendios forestais.

- Xestión forestal e loita contra o abandono do monte.

- Estatística, formación e investigación forestal.

- Planificación, ordenación e gobernanza.

D.4.5 Plan estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña

Este plan trata de desenvolver as medidas incluídas no Plan Forestal de Galicia 2021-2040 antes mencionado, o Plan estratéxico do castiñeiro e da produción

de castanha 2021-2040 céntrase na recuperación de soutos tradicionais en produción mediante medidas de rehabilitación e a creación de novas superficies de soutos para a produción principal de castanha e para a produción de madeira. Trátase de revitalizar e desenvolver estes bosques a través de novos aproveitamentos, e mellorar a competitividade do sector e o valor engadido ás empresas a través do fomento da calidade e a mellora nos procesos de comercialización (Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, 2022).

No territorio xa se desenvolveu varios proxectos vinculados á posta en valor da castaña, aínda que presenta potencialidades, é un ámbito xa explotado e non é un eixo prioritario na estratexia do GDR deste período.

D.4.6 Extratexia – RIS3. Especialización Intelixente de Galicia

Trátase dun elemento sumamente transversal no que tamén teñen cabida o territorio rural cuberto polo GDR. Moitas das debilidades identificadas nos diferentes documentos expostos con anterioridade, tamén os elementos comúns ás necesidades do GDR relaciónanse co débil uso de TIC e o baixo grao de innovación.

Un dos eixos fundamentais desta estratexia é o deseño de novos modelos de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación, que incidan na mellora da eficiencia e o rendemento no uso dos recursos endóxeos e a súa reorientación cara a usos alternativos con maior valor engadido en actividades enerxéticas, acuícolas, farmacolóxicas, cosméticas, alimentarias e culturais. Tamén a estratexia destaca o posicionamento de Galicia dentro do turismo cultural polo que a estratexia tamén apoia a modernización do sector turístico e das industrias culturais galegas a través do uso intensivo das TIC.

Para desenvolver estas ideas a estratexia conta con ferramentas como o Programa de Apoio ás PEMES (PEME INNOVA) que aglutina instrumentos dirixidos a fomentar a capacidade de innovación das PEMES, un Programa específico para fomentar o espírito emprendedor innovador que inclúe un Programa de Aceleración da Innovación e outro de Fomento do Talento, acompañado de instrumentos adicionais que compoñen o Programa de Apoio á Transferencia do Coñecemento e finalmente, cun carácter claramente innovador o Programa INNOVA EN GALICIA que integra 6 instrumentos novos dirixidos á mobilización do capital privado e ao fomento da contratación pública como motor da innovación.

Na seguinte táboa relaciónase como estas medidas impulsadas pola Consellería do Medio Rural relaciónanse coas necesidades do territorio

Taboa 8. Aliñamento da estratexia do GDR coas estratexias, iniciativas e plans da Consellería do Medio Rural

Estratexia, iniciativa ou plan. Obxectivo ou actuación relevante	Relevantes para o GDR	Relación co DAFO do territorio	Rol do GDR nese obxectivo ou actuación	Posibles proxectos promovidos ou financiados polo GDR, contribuír ao obxectivo ou actuación	Outras accións do GDR sinérxicas
Lei de recuperación da terra agraria de Galicia					
Promover a recuperación produtiva das terras agroforestais de Galicia, desenvolvendo para iso mecanismos de posta en valor baseados nos arrendamentos, nas cesións, nas permutas ou nas transmisións da titularidade das terras por calquera medio válido en dereito, así como na xestión conxunta das terras.	x	Debilidade: Perda de SAU;	Divulgador, colaboración na implementación, financiación de proxectos	Proxectos productivos e non productivos encadrados no desenvolvemento dunha produción sustentable no sector primario (Ex. ATERRA)	
Prever e loitar contra o abandono das terras agroforestais, establecendo medidas de recuperación, agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas que faciliten a súa mobilización e prestando atención especial ao fomento de iniciativas de xestión e aproveitamento conxunto das terras recuperadas.	x	Amenaza: Abandono das explotacións agropecuarias polas dificultades de acceso á terra			
Facilitar a posta en contacto entre as persoas emprendedoras de proxectos agroforestais e as persoas titulares de terras.	x	Oportunidade: Posibilidade de beneficiarse de varias estratexias, leis e normativas orientadas a estes sectores productivos (Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, Estratexia de dinamización do sector cárnico en Galicia, Plan Forestal de Galicia 2021-2040,...)			
Favorecer o mantemento da poboación vinculada á actividade agroforestal, promovendo e recoñecendo o papel da muller en condicións de igualdade e a remuda xeracional.	x	Oportunidade: Posibilidade de beneficiarse do marco normativo e das axudas destinadas a este tipo de ámbitos			
Afianzar a actividade agroforestal fomentando o seu desenvolvemento, así como o doutras actividades complementarias que sexan compatibles co respecto dos valores naturais, a conservación do patrimonio cultural de interese agrario e a integridade da contorna.	x	Oportunidade para acadar producións de alta calidade ademais das áreas de cultivo intensivo			
Incentivar as producións agroforestais sustentables e, en especial, a produción ecolóxica, os sistemas gandeiros de carácter	x	Oportunidade: Comarca de referencia no sector agropecuario para			

extensivo e a xestión forestal sustentable.		Galicia.			
Impulsar instrumentos innovadores en materia de acceso á terra que favorezan a incorporación de persoas mozas á actividade agraria.	x	Oportunidades de mellora da calidade dos produtos agrícolas e gandeiros, especialmente na Limia, pero tamén en todo o territorio			
Estratexia de dinamización do sector lácteo galego 2020-2025					
Consolidar a Galicia como unha das primeiras rexións produtoras de leite de Europa en equilibrio coas capacidades do territorio.					
Aumentar a industrialización do leite en Galicia apostando pola diversificación dos produtos.					
Mellorar o posicionamento dos produtos lácteos galegos no mercado español e impulsar a internacionalización.					
Reforzar as relacións entre os axentes integrantes da cadea de valor do leite.					
Reforzar o ecosistema de formación e I+D+i conectándoo coas necesidades do sector.					
Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia 2020-2022					
Promover a colaboración e cooperación entre as DOP (e as IXP) vitivinícolas de Galicia.					
Reforzar as Denominacións de Orixe vitivinícolas.					
Impulso do relevo xeracional e mellora da rendibilidade e a sustentabilidade da produción vitícola.					
Incrementar a rendibilidade das adegas, mellorando a súa xestión, tamaño medio, competitividade e orientación ao mercado.					
Equilibrar a presenza dos viños galegos nos diferentes segmentos de mercado.					
Converter a Galicia nunha rexión de referencia no enoturismo a nivel do Estado.					
Pór en valor o patrimonio cultural, natural e paisaxístico ligado ao viño.					
Favorecer o desenvolvemento, atracción e retención do capital humano e impulsar a I+D+i nas comarcas vitivinícolas.					
Estratexia de dinamización do sector cárnico en Galicia					
Avanzar cara a unha produción sustentable, respectuosa co medio ambiente, que aposte polo benestar animal e que xere riqueza	x	Fortaleza: existencia de razas autóctonas de vacas en	Divulgador, colaboración na implementac	Proxectos relacionados coa recuperación de razas autóctonas, de	

e oportunidades nos espazos rurais.		explotacións extensivas	ión, financiación de proxectos	producción extensiva, e da ampliación dos sistemas silvopastoriles	
Impulso dos sistemas de explotación ligados á protección do medio ambiente (produccións extensivas e semiextensivas).	x				
Mellora do nivel de transformación da industria cárnica e da xeración de valor engadido en todos os elos da cadea.					
Aumentar o peso das marcas de calidade.					
Manter ou aumentar os volumes de produción e o consumo.					
Mellorar a imaxe e o recoñecemento social dos produtores e contribuír á remuda xeracional nas explotacións cárnicas.	x	Ameaza: Imaxe negativa pola contaminación derivada da produción intensivo	Divulgador, colaboración na implementación, financiación de proxectos	Proxectos que faciliten a incorporación de mozos e a introdución de innovación na xestión de residuos	
Avanzar na promoción da carne galega.					
Mellorar o ecosistema de investigación, innovación e formación.	x	Debilidade: predominio da produción intensivo que xera contaminación da terra e da auga	Divulgador, colaboración na implementación, financiación de proxectos	Proxectos que faciliten a incorporación de mozos e a introdución de innovación na xestión de residuos	
Plan Forestal de Galicia 2021-2040					
Contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos ambientais.	x	Amenaza: O avellentamento e o abandono de núcleos repercute directamente na xestión deficiente do monte	Divulgador, colaboración na implementación, financiación de proxectos	Proxectos que estén orientados a mellorar a xestión do monte	
Protección, sanidade forestal e prevención e defensa contra incendios forestais.	x	Debilidade: problemas relacionados coa xestión dos montes en man común	Divulgador, colaboración na implementación, financiación de proxectos		
Xestión forestal e loita contra o abandono do monte.	x	Debilidade: problemas relacionados coa xestión dos montes en man común	Divulgador, colaboración na implementación, financiación de proxectos		
Recursos forestais e cadea monte-industria.					
Estatística, formación e investigación forestal.	x	Debilidade: problemas relacionados coa xestión dos montes en man común	Divulgador, colaboración na implementación, financiación de proxectos		

Planificación, ordenación e gobernanza.	x	Debilidade: problemas relacionados coa xestión dos montes en man común	Divulgador, colaboración na implementación, financiación de proxectos		
Programa estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña					
Planificación, seguimento e control da produción do castiñeiro en Galicia.					
Investigación, transferencia e apoio ao sector viverístico.					
Desenvolvemento e revitalización de aproveitamentos.					
Impulso da comercialización e fomento da calidade da castaña, impulso ao desenvolvemento da IXP.					
Mellora da competitividade e do valor engadido das empresas.					

Referencias bibliográficas

Comisión Europea (1988). The future of rural society. Commission communication transmitted to the Council and to the European Parliament on 29 July 1988. COM (88), 501. Información disponible en: <https://op.europa.eu/en/publication-detail/-/publication/cc9b4a65-0bea-41ef-a959-20d9ba52af4f>

Comisión Europea (2019). Comunicación de la Comisión al Parlamento Europeo, al Consejo Europeo, al Consejo, al Comité Económico y Social Europeo y al Comité de las Regiones. El Pacto Verde Europeo. Bruselas, 11.12.2019 COM(2019) 640 final. Información disponible en: https://eur-lex.europa.eu/resource.html?uri=cellar:b828d165-1c22-11ea-8c1f-01aa75ed71a1.0004.02/DOC_1&format=PDF

Comisión Europea (2020a). Comunicación de la Comisión al Parlamento Europeo, al Consejo, al Comité Económico y Social Europeo y al Comité de las Regiones. Estrategia «de la granja a la mesa» para un sistema alimentario justo, saludable y respetuoso con el medio ambiente. Bruselas, 20.5.2020 COM(2020) 381 final. Información disponible en: https://eur-lex.europa.eu/resource.html?uri=cellar:ea0f9f73-9ab2-11ea-9d2d-01aa75ed71a1.0004.02/DOC_1&format=PDF

Comisión Europea (2020b). Comunicación de la Comisión al Parlamento Europeo, al Consejo, al Comité Económico y Social Europeo y al Comité de las Regiones. Estrategia de la UE sobre la biodiversidad de aquí a 2030. Reintegrar la naturaleza en nuestras vidas. Bruselas, 20.5.2020 COM(2020) 380 final. Información disponible en: https://eur-lex.europa.eu/resource.html?uri=cellar:a3c806a6-9ab3-11ea-9d2d-01aa75ed71a1.0007.02/DOC_1&format=PDF

Comisión Europea (2020c). Comunicación de la Comisión al Parlamento Europeo, al Consejo, al Comité Económico y Social Europeo y al Comité de las Regiones. Oleada de renovación para Europa: ecologizar nuestros edificios, crear empleo y mejorar vidas. Bruselas, 14.10.2020 COM(2020) 662 final. Información disponible en: https://eur-lex.europa.eu/resource.html?uri=cellar:0638aa1d-0f02-11eb-bc07-01aa75ed71a1.0022.02/DOC_1&format=PDF

Comisión Europea (2021). Comunicación de la Comisión al Parlamento Europeo, al Consejo, al Comité Económico y Social Europeo y al Comité de las Regiones. Estrategia de la UE sobre la biodiversidad de aquí a 2030. Reintegrar la naturaleza en nuestras vidas. Bruselas, 16.7.2021 SWD(2021) 652 final. Información disponible en: https://ec.europa.eu/environment/pdf/forests/swd_forest_strategy.pdf

Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia (2021). Plan Estratégico de la Política agraria común en Galicia – Horizonte 2030. Introducción, diagnóstico y evaluación de necesidades.

Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia y Fundación Juana de Vega (2019). Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo Galego 2020-2025. Información dispoñible en:
https://mediorural.xunta.gal/sites/default/files/temas/gandaria/sector-lacteo/ESTRATEGIA_LACTEO_DEFINITIVA-min.pdf

Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia y Fundación Juana de Vega (2019). Estrategia de dinamización del sector cárnico de Galicia. Información dispoñible en: <https://estrategia-sector-carnico.juanadevega.org/es/>

Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia (s.d). Plan forestal de Galicia 2021-2040. Información dispoñible en:
<https://mediorural.xunta.gal/es/temas/forestal/planificacion-e-ordenacion-forestal/plan-forestal>

Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia (2022). Programa Estratéxico do Castiñeiro e da Producción de Castaña. Información dispoñible en: https://libraria.xunta.gal/sites/default/files/downloads/publicacion/programa_estrategico_do_castineiro.pdf

Matthews, A. (2021). Todos los caminos llevan a la nueva PAC. *Alternativas económicas*, (88), 40-41.

Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (2019). Estrategia de Digitalización del Sector Agroalimentario y Forestal y del Medio Rural. Información disponible en: https://www.mapa.gob.es/es/ministerio/planes-estrategias/estrategia-digitalizacion-sector-agroalimentario/estrategia_digitalizacion_sector_agroalimentario_forestal_medio_rural_ve_tcm30-509645.pdf

Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (2022). Informe sobre el plan estratégico de la PAC 2021. Plan estratégico de la PAC de España. Información disponible en: https://www.mapa.gob.es/es/pac/post-2020/pepac-sfc2021-v12_tcm30-623871.pdf

Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (s.d.). Plan de recuperación. 130 medidas frente al reto demográfico. Información dispoñible en: https://www.miteco.gob.es/es/reto-demografico/temas/medidas-reto-demografico/plan_recuperacion_130_medidas_tcm30-524369.pdf

Xunta de Galicia. LEI 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. DOG Núm 94